



MODELO SILVÍCOLA	PP1
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus pinaster Ait.</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. radiata</i> .
OBXECTIVO:	Madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra. Máxima produtividade en madeira.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	En plantacións 3,5 m entre liñas como mínimo x 2 m entre plantas, ata 3,5 m x 2,5 m, que son 1.430 ata 1.140 plantas/ha. Densidade inicial superior en rexenerados naturais. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.500 pés/ha ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, unha roza-desmesta sistemática (por entreliñas e nas faixas con arborado), ou manual (se non é posible a mecanización) que adecúe a densidade final á sinalada no presente modelo. Opcional utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Poda baixa (2,5-3 m) cando a altura é de 6-7 m e o diámetro normal medio de 10 cm.
Desmestas	8-10 anos. Densidade remanente de 1.000-1.100 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominados e con defectos). Opcional. Evitable se a densidade de partida é inferior a 1.300 pés/ha. Posibilidade dunha rarea enerxética en masas con suficiente densidade. Trituración ou espaxado de restos, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas, se a retirada para aproveitamento non se realiza. Se é rexenerado natural, facer en torno aos 3-6 anos a roza-desmesta sistemática antes indicada, de forma graduada se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada.
Rareas	Primeira rarea polo baixo e selectiva ata deixar 750-900 pés/ha (12-20 anos), o peso da rarea regularase en función do risco de derruba por vento, entre un 20 e un 30%, para evitar perda de produción volumétrica, posibilidade de execución semisistemática. Segunda rarea opcional, deixando uns 650-700 pés/ha (15-25 anos) no caso de que a porcentaxe de serra así o xustifique ou no caso de que sexa necesaria esta segunda rarea á fin de obter 750-900 pés/ha (como consecuencia dunha primeira rarea moderada). Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro radiata, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación.





CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	25-35 anos, dependendo da calidade de estación.
Métodos de corta	<p>Corta a feito. En caso de aplicar corta a feito en dous tempos seleccionaranse na derradeira rarea as árbores pai, 25-50 pés por ha, que se manterán durante 5-10 anos. Evitar cortas a feito en un tempo de superficies superiores a 5 ha, especialmente en pendentes superiores ao 25%. Produción de madeira de trituración e certa porcentaxe de madeira de serra. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente.</p> <p>Compatible con resinación aos 3-5 anos previos á corta final, preferiblemente en rodais con segunda rarea feita, empregando método que no afecte á calidade da madeira: pica de casca con estimulación química, en cara de 12 ou 16 cm, simple ou dobre. Alternativamente, pica de casca mecánica con envase pechado.</p>

